



Andaina
PRO SAÚDE MENTAL

ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL

MEMORIA 2018

Centro de Rehabilitación Psicosocial Laboral Ordes.
Centro de Rehabilitación Psicosocial Laboral A Paxareira
Centro Especial de Emprego A Paxareira

Marzo 2019

Índice

1. Presentación.
2. Quen é Andaina Pro Saúde Mental?
 1. Breve historia da entidade
 2. Marco xeográfico.
 3. Horarios
 4. Cadro de persoal
 5. Organigrama
3. Programas:
 1. Información e asesoramento
 2. Actividades Rehabilitadoras
 3. Respiros Familiares e Ocio e Tempo Libre.
 4. Atención Domiciliaria
 5. Participación Sociocomunitaria
 6. Igualdade
 7. Sensibilización
 8. Voluntariado
 9. Formación en talleres Pre-laborais. C.E.E.
 10. Escola de Familias

1.- Resume do 2018

O ano 2018, foi un ano moi intenso dende o primeiro día ata o último. Por fin inauguramos o noso CRPL de Ordes e para elo contamos con dúas grandes personalidades Anxo Carracedo e Julio Rodríguez da Fundación Galega de Medicina Xenómica.

Andaina Pro Saúde Mental tivo que modificar o seu cadro de persoal. Foi un ano de mudanzas a nivel de Recurso Humáns. O psicólogo que nos acompañara durante 4 anos foise e dúas psicólogas ocuparonse da Dirección dos CRPLs de Dodro e Ordes. Tamén se incorporaron outras tres profesionais ao longo do ano; outra psicóloga e dúas educadoras sociais.

Aumentamos o número de socias/os, chegamos a ter 100 persoas asociadas!!.

Continuamos desenvolvendo os mesmos programas que no 2017 axudando a mellorar a calidade de vida das persoas que padecen trastornos mentais, así como de familiares e amigos/as. A defensa dos intereses e dereitos das persoas que padecen trastornos mentais sigue unindo a todas as persoas que formamos Andaina.

Empezamos a vender os nosos zumes e sidras no pequeno comercio. Houbo 5 persoas contratadas no CEE. E recolectamos 7 toneladas de mazán ecolóxica, temos o cuño do CRAEGA.

Os nosos principios siguen marcando a nosa Andaina; **“A persoa como eixe”** **“A inserción social e laboral”** sempre dende a **“perspectiva de xénero”**.

2. Quen é Andaina Pro Saúde Mental?

Andaina Pro Saúde Mental é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no 2010 ante a necesidade de cubrir un baleiro existente que atenda dun xeito global ás persoas que padecen trastorno mental nas comarcas da Área Sanitaria de Compostela, centrándonos sobre todo no ámbito rural. Posto que somos conscientes das dificultades que isto supón, Andaina Pro Saúde Mental está formada por persoas afectadas e familiares, así como por un grupo de profesionais.

Obxectivos

A Asociación créase co propósito de xerar un soporte de axuda á persoa con enfermidade mental enfocando á súa autonomía, proporcionando sentido e utilidade ao seu desenvolvemento cotián, tras observar os beneficios que unha vida activa física, social e laboral proporciona ás persoas afectadas da enfermidade mental.

A necesidade de manter ano a ano o proxecto de Andaina ten dúas vertentes; a socio-demográfica e a biopsicosocial. Nun primeiro termo, trátase dunha falla de cobertura dos Concellos da Área Sanitaria de Compostela, en particular das zonas rurais dos mesmos, e en segundo da petición de asesoramento e actividades rehabilitadoras por parte dos/as afectados/as. Nos sucesivos apartados profundizaremos na búsqueda de accións posibles e obxectivos factibles a medio e longo prazo, que se poidan sustentar e permanecer no tempo en proporción á demanda recollida.

2.1 Breve historia da Entidade Xurídica...

- Número de Rexistro na Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. 2010/014629-1 (sc)
- Número de Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar –Xunta de Galicia- como Entidade Prestadora de Servizos Sociais.
E-5509
- Número de Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar –Xunta de Galicia- como Entidade de Acción de Voluntariado de Galicia.0-627

- Andaina Pro Saúde Mental é membro de Feafes-Galicia- Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia dende o 9 de xuño de 2012.
- Andaina ten Autorización e funcionamento de Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral - C.R.P.L.- ULLASAR dende novembro 2012 co número C- 15-002879
- Andaina ten Autorización e funcionamento de Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral - C.R.P.L.-ORDES dende setembro 2014 co número C- 15-003359
- Rexistro Sanitario para elaboración de sidras-bebidas fermentadas e zumes dende 2016 e 2017 respectivamente.
- Acreditación como entidade prestadora de Servizos da Promoción da autonomía para o Centro de Dodro dende xuño 2016.
- Autorización do Centro Especial de Emprego en novembro 2017.
- Rexistro do CRAEGA para zumes de mazán ecolóxicos en setembro 2018.

2.2. Marco xeográfico:

Área Sanitaria de Santiago de Compostela

Se por algo se caracteriza a área sanitaria de Santiago de Compostela é por abarcar numerosos concellos, o que supón unha dificultade que todos eles cubran unha necesidade como é a asistencia á enfermidade mental.

En particular, o medio rural reúne unha serie de situacións problemáticas; distribución dispersa e illada da poboación, nivel de recursos económicos variables e polo xeral escasez de transporte público. Neste ámbito, moitos/as afectados/as viven sós/soas, e os/as que non viven sós/soas, están en situación de dependencia, e con eles/as, as súas familias. E por iso, especialmente importante tratar de rehabilitar a persoa con enfermidade mental no seu entorno, mellorar a integración das familias no proceso, e potenciar tanto a autonomía como o rol das persoas afectadas nas súas familias e no entorno máis inmediato.

Actualmente, Andaina atende a un total de 80 persoas usuarias e 230 familiares repartidas entre os dous C.R.P.L. :

- 15 usuarias/os CRPL DODRO,
- 17 usuarias/os CRPL ORDES
- 30 usuarias/os en Atención domiciliaria

- **O C.R.P.L. de Ordes** atende a unha poboación de **37.568 habitantes** repartidos nos seguintes Concellos:

1. Ordes: 13.125
2. Oroso: 7.252
3. Mesía: 2.679
4. Frades: 2.727
5. Trazo: 3.091
6. Val do Dubra: 4.488
7. Tordoia: 3.906

- **C.R.P.L de Ulla-Sar** cunha poboación de **39.272 habitantes** repartidos en:

1. Padrón: 9.164. h.
2. Rois: 4.805
3. Dodro: 3035
4. Valga: 7.580
5. Pontecesures. 1873
6. Rianxo: 11.815

MAPA da ÁREA SANITARIA DE Santiago de Compostela.



Unidades de Saúde Mental que lle corresponden a Andaina PSM

USM I. Hospital Clínico. Atende o Dtor. Valero: Concellos de Ordes, Oroso, Frades, Mesía, Trazo, Tordoia e Val do Dubra. O dispositivo de Andaina non pode dar cobertura a outros concellos desta Unidade de Saúde Mental.

USM III. Situada en Conxo, atende o Dtor. Ecenarro. Andaina só atende os concellos: Padrón, Dodro, Rois, Valga, Pontecesures e Rianxo, supoñen uns 37.300 habitantes. Queda sen dispositivo comunitario de rehabilitación o resto de concellos desta USM.

2.3. HORARIO

C.R.P.L. ORDES

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Fin de semán
9.00-15.00 Xestións	9.00 -15:00 Xestións	9.00 -15.00 Xestións	9.00 -15.00 Xestións	9.00 -15.00 Xestións	Ocio e tempo libre .Respiros familiares
10:30-13:30 Movemento/Teatro Reh.Cognitiva. At.Domicilio	At. Domicilio	10:30-13:30 cociña Coord.	10:30-13:30 Igualdade	10:00-11:00 ioga 11:00-13:30 Grupo apoio	.Escolas de familias
	16:30- 19.30 Arteterapia				

DODRO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Fin de semán
8:30 -17:40 Xestións	8:30 -17:40 Xestións	8:30 -17:40 Xestións	8:30 -14:00 Xestións	8:00 -14:00 Xestións	Ocio e tempo libre. .
10:30- 13:30 • Programa Valga./ • Informática • At.Domicilio	Radio Grupo de apoio	9:00-14:00 C.E.E.	10:30-13:00 Taller pre-laboral At. Domicilio 9:00- 14:00 C.E.E.	10:30-13:30 • TEATRO • At.Domicilio	.Respiros familiares .Escola de familias


2.4. Cadro de Persoal

NOME	NIF	HORAS SEMANAIS ASISTENCIA/XESTIÓN	POSTO	TITULACIÓN	SALARIO MENSUAL BRUTO	CONTRATO
------	-----	-----------------------------------	-------	------------	-----------------------	----------

NAZARE DAVILA POSADA	36087985L	38,5	COORDINADORA / TRABALLADORA SOCIAL	TRABALLO SOCIAL	1439,14 €	IND.
FRANCISCO JAVIER SALVADO CUTRÍN	45873596G	38,5	XESTOR ADMINISTRATIVO	R.R.L.L.	1439,14 €	TEMP. 26/09/18
SANDRA FERNANDEZ ROMAN	53174811F	22 17 ASISTENCIA / 5 XESTIÓN	DIRECTORA DE CRPL / PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	1074,69 €	TEMP. 31/12/18
ANGELICA MERCADO TORRES	49670860Z	38,5	EDUCADORA	MAXISTERIO	1439,14 €	IND.
OLALLA VILLARONGA SEOANE	44825744D	20 15 ASISTENCIA / 5 XESTION	PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	976,99€	TEMP. 31/12/18

NOME	NIF	HORAS SEMANAIS ASISTENCIA/XESTIÓN	POSTO	TITULACIÓN	SALARIO MENSUAL BRUTO	CONTRATO	CENTRO
LORENA FRANCISCO LENS	44848255A	22 17 ASISTENCIA / 5 XESTIÓN	PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	1074,69€	TEMP. 31/12/18	CRPL DODRO
NATIVIDAD TUBÍO LAÍÑO	78800121M	38,5	EDUCADORA	EDUCACIÓN SOCIAL	1439,14€	TEMP. 31/12/18	CRPL DODRO
LINO VILAS BARBEITO	44807344D	10	TÉCNICO MONITOR PRE-LABORAL	QUÍMICA	488,5€	TEMP. 31/12/18	CRPL DODRO
FRANCISCO VIDAL VICENTE	44830013T	5	OPERARIO	SIN TITULACIÓN	131,61€	INDEF.	CEE
MANUEL MARQUEZ CITOULA	78790003F	5	OPERARIO	SIN TITULACIÓN	131,61€	INDEF.	CEE
YORDANI TORRES TUIRÁN	44834627Z	5	OPERARIO	SIN TITULACIÓN	131,61€	TEMP. 30/08/18	CEE
MARGARITA RICO BELLO	35476735V	5	OPERARIA	SIN TITULACIÓN	131,61€	TEMP. 31/12/18	CEE
FRANCISCO YONE DURÁN	49400267Q	5	OPERARIO	SIN TITULACIÓN	131,61€	TEMP. 31/12/18	CEE

2.5. Organigrama



3. Programas

Obxectivo xeral dos programas.

Aumentar a autonomía e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias e das persoas cuidadoras e/ou familiares.

3.1. Información e asesoramento

O Programa de información e asesoramento ten como obxectivo principal proporcionar ás familias e usuarias/os información específica e axeitada sobre a enfermidade mental, así como a valoración e asesoramento á familia para axudar na toma de decisión. Aberto a toda a poboación en xeral.

3.2. Actividades Rehabilitadoras

As accións terapéutico-rehabilitadoras enmárcanse dentro dun proxecto de recuperación funcional especialmente deseñado para persoas con enfermidade mental crónica.

Na poboación rural existe unha poboación disfuncional nas actividades da vida diaria e con gran illamento social. Dende **Andaina** trabállase para rehabilitar á persoa nos eixos social laboral e saúde-psicolóxico.

a. Grupos de apoio e Habilidades sociais Nas habilidade sociais impártense unha serie de explicacións teóricas sobre distintos aspectos da comunicación e as relacións persoais como son as conversas, a asertividade, resolución de conflitos e empatía.

b. Teatro. Taller grupal no que cada ano se traballa nunha montaxe teatral diferente que implica a todo o grupo nun proceso creativo e cognitivo que ten como resultado final a estrea do espectáculo e a súa xira por diferentes entidades que contraten o espectáculo. Cada actuación xenera uns beneficios económicos simbólicos para as actrices e actores. A xira, tamén, supón un incentivo na mellora da autonomía das persoas que participan.

c. Radio

Programa de Radio e Teatro. Cada programa ou actuación invita a reflexión que se expresan creativamente, sen esquecer os aspectos cognitivos. Se fomenta a participación cun rol activo de cada persoa na preparación dos programas de radio ou da actuación o que favorece o aumento da autoestima, a iniciativa e responsabilidade.

Tratamos temáticas nas distintas seccións tales como: sección de cociña(receta do día) sección saúde e benestar(como coidar a nosa saúde), sección de chistes (a risa e a cura da alma), sección en clave feminina(contidos de igualdade de xénero).

d. Arteterapia, A Arte axuda ao ser humano a expresarse ,a comunicarse cun mesmo e cos demais. Estimula a capacidade do individuo , dende a súa creatividade, permite proxectar conflitos internos e ofrece a posibilidade de resolvelos. Esta actividade só se desenvolve no centro de Ordes.

e. Cociña, Nos interesa que as persoas usuarias desenrolen ao máximo súas capacidades, alcancen as competencias básicas e que a totalidade do tempo nos talleres sea dun aprendizaxe integral, crear en elles/las hábitos saudables na alimentación, hixiene e elaboración dos alimentos que se consumen. Tamén é importante que combinen e implementen o aprendizaxe de tarefas que contribúan ao desenvolvemento de habilidades adaptativas, sociais e de formación da personalidade, coa consecución de obxetivos mínimos nas áreas instrumentais básicas. Esta actividade só se desenvolve no centro de Ordes.

f. Reh. Cognitiva, No caso concreto das capacidades cognitivas, estas permítenos levar a cabo actividades como recoñecer ás persoas que están o noso arredor, imaxinar o que se vai facer mañá, ou lembrar o que se fixo o día anterior.

g. Educación para a saúde/deporte. Esta actividade basease un modelo social de saúde para promover comportamentos, hábitos e estilos de vida saudables. Trátanse temas tales como: o que é a enfermidade, síntomas, hixiene en xeral, hábitos de vida activa e deporte, terapias alternativas no manexo da sintomatoloxía das distintas enfermidades(tabaco, diabetes, obesidade, consumo de tóxicos) técnicas de relaxación, coñecer noso corpo.

h. Ioga, Para nosos/as usuarios/as é importante o dominio do corpo e mente para ter una maior capacidade de concentración na práctica deste exercicio. Esta actividade só se desenvolve no centro de Ordes.

Poñense en practica durante el desarrollo de la sesión los siguientes puntos: unha aptitude física durante todo o ano, perda de peso, alivio de tensións, mellorar a inmunidade, vivir con maior conciencia, mellorar a relación, Aumento de la enerxía, mellorar a flexibilidade e postura.

3.3. Respiro familiares e Ocio/Tempo libre. Consta de diferentes actividades que suponen un descanso para a familia de persoas con enfermidade mental.

- Descansos de 3 ou 5 días na casa de Feafes en Sanxenxo.
- Descanso de 3 días en Balneario.
- Excursión de 4 días con Feafes.
- Camiño de Santiago de 3 días.
- Excursións de 1 día a Praia.
- Saídas a campeonatos de Pinpon, teatro, fútbol.
- Saídas a exposicións, cine, teatro, etc.

Nestas actividades tamén son beneficiarias algunhas nais e familiares directos.

3.4. Atención Domiciliaria.

Trátase de atender ás persoas cunha enfermidade mental crónica no seu domicilio tendo en conta as características específicas do seu entorno rural e as necesidades psicosociais destas persoas e as súas familias, para aumentar a súa autonomía persoal, mellorar a súa integración familiar e comunitaria, ademais de prever a dependencia asociada á cronicidade destas enfermidades mentais. O programa de Intervención no Domicilio no Rural desenvólvese na Comarca de Ordes e Ulla-Sar.

3.5. Participación Sociocomunitaria.

Son programas que xeneran cambios, e establecen canles de comunicación e capacitan ás persoas e colectivos para que se impliquen e responsabilicen dun xeito participativo na comunidade a nivel individual, participativo e comunitario.

3.6. Igualdade.

Programa dirixido as mulleres con enfermidade mental, a cuidadoras ou familiares de persoas con enfermidade mental. As diferentes actividades están centradas na atención directa e personalizada de cada usuaria co fin de adquirir estratexias para mellorar a súa autonomía, facelas donas das súas vidas e potenciar o seu empoderamento como motor do seu benestar. O programa consta de varias actividades: talleres semanais, talleres afectivos-sexuais, intervención directa, acompañamento, atención domiciliaria, etc.

Este programa tamén é transversal aos demais programas da entidade.

3.7. Sensibilización e comunicación

Andaina PSM ofrece charlas divulgativas sobre saúde mental e difunde información sobre as actividades, programas, servizos, colaboracións e sobre saúde mental a través da paxina web, facebook, blog.

- **Web:** <http://andainaprosaudemental.com>
- **Blog:** <http://andainaprsm.blogspot.com.es/>
- **Facebook:** <https://www.facebook.com/Andainaprosaudemental>

3. 8. Voluntariado

O voluntariado foi é seguirá sendo un dos piares sobre o que se sustenta Andaina. Non se pode entender Andaina sen un programa de voluntariado.

As tarefas que realizan son moi diversas, dende labores de acompañamento en ocio, voluntariado en periodismo e redes sociais ou impartir talleres ocupacionais unha vez a semana.

- Programa de voluntariado USC
- Voluntariado europeo coa Fundación Paideia
- Voluntariado xuvenil.
- Voluntariado acompañante

3.9. Formación e talleres Pre-laborais

Está demostrado que as persoas sen traballo teñen máis problemas psicolóxicos e físicos, especialmente cando o emprego e de longa duración. Nos enfermos mentais crónicos isto cobra especial relevancia. En Andaina ofrecemos as persoas usuarias cursos de formación e talleres pre-laborais co fin de potenciar as súas habilidades laborais para que sexan capaz de desempeñar un posto de traballo, en principio protexido.

3.10. Escola de familias,

As escolas de familias son unha forma de aliviar ese estrés nos familiares directos e cuidadoras/es principais para mellorar sobre todo a convivencia e necesidade de apoio duns familiares a outros. Baséanse nos principios de apoio mútuo, psicoeducación e manexo dos síntomas da enfermidade metnal na familia.

Servizos.

Transporte

Andaina PSM conta cun vehículo dende decembro 2014 cedido pola Deputación de A Coruña e en Decembro 2016 se solicita a segunda furgoneta que está pendente de resolución. Tamén se conta cos vehículos propios do persoal traballador para transportar

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 01001 - ANDAINA PRO SAUDE MENTAL	Página 2
Observaciones	Fecha listado 08/03/2019
	Período De Enero a Diciembre

		2018
11. Subvenciones,donaciones legados de capital		151.506,53
a) Afectas de la actividad propia		151.506,53
74600000	SUBV.,DONA.CAP.TRANSF.RTDO EJ.	151.506,53
A) RTDO.DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10)		-1.404,24
15. Gastos financieros		-456,40
66200000	INTERESES DE DEUDAS, EMPRESAS	-453,52
66900000	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-2,88
B) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)		-456,40
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B)		-1.860,64
D) EXCEDENTE DEL EJERCICIO (C+19)		-1.860,64

Balance de Situación

Empresa	01001 - ANDAINA PRO SAUDE MENTAL	Página	1
Observaciones		Fecha listado	08/03/2019
		Período	De Enero a Diciembre

ACTIVO		2018
A) ACTIVO NO CORRIENTE		30.899,61
II. Inmovilizado material		30.199,61
1. Terrenos y construcciones		17.542,76
21100001	REFORMA LOCAL ORDES	17.798,27
28110000	AMORTIZACIÓN ACUMULADA DE CON	-255,51
2. Instalaciones técnicas, y otro inm. mat.		12.656,85
21500000	OTRAS INSTALACIONES	14.459,78
21800000	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	11.850,00
28120000	AMOR. ACUM. INSTALAC. TÉCNICAS	-7.648,07
28180000	AMOR. ACUM. ELEMENTOS TRANSPO.	-6.004,86
V. Inversiones financieras a largo plazo		700,00
5. Otros activos financieros		700,00
26000000	FIANZAS CONSTITUIDAS A LARGO P	700,00
B) ACTIVO CORRIENTE		39.179,72
III. Deudores comerc. y otras cuentas a cobrar		16.981,74
6. Otros créditos con las Admin. Públicas		16.981,74
47080000	HP, DEUDORA SUBVEN. CONCEDIDAS	16.981,74
V. Inversiones financieras a corto plazo		8.850,00
5. Otros activos financieros		8.850,00
55100000	CTA CORRIENTE SOC. Y ADMINIST.	8.850,00
VII. Efect. y otros act. líquidos equivalentes		13.347,98
1. Tesorería		13.347,98
57000000	CAJA, EUROS	684,00
57200001	C/C ABANCA 3807	34,37
57200002	C/C LA CAIXA	12.629,61
TOTAL ACTIVO		70.079,33